

CMI

(CONCURSO MOBILIDADE INTERNA)

Ámbito Hospitalario

PRAZO DE PRESENTACIÓN SOLICITUDES

ata o 13/11/23

- **Accede ó teu FIDES e cubre a solicitude**
- **Accede ao formulario de postos na intranet**
(Intranet//Outros Enlaces, 2.Xestión RRHH//Concurso Mobilidade Interna)
- **Presenta en calquera dos rexistros da Área Sanitaria de Vigo**

Os méritos serán os causados e acreditados ata o último día do prazo de presentación de solicitudes.



BAREMO XERAL

Experiencia profesional

Por cada **mes completo de servizos prestados con vinculo fixo** na categoría na que se concursa en institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea / Espazo Económico Europeo / Suíza: **0,60 puntos/mes**

Por cada **mes completo de servizos prestados con vinculo temporal** na categoría na que se concursa baixo en institucións sanitarias do sistema sanitario público de un país da Unión Europea / Espazo Económico Europeo / Suíza: **0,30 puntos/mes**

Por cada **mes completo de servizos prestados como persoal fixo no Complexo Hospitalario de Vigo** na mesma categoría á que se opta, ata un máximo de tempo de cinco anos: **0,15 puntos /mes**

Áreas especiais

Por cada **mes completo de servizos prestados con vínculo fixo** na categoría e servizo ao que se concursa por conta e baixo dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea / Espazo Económico Europeo / Suíza : **0,10 puntos/mes.**

Por cada **mes completo de servizos prestados con vínculo temporal** na categoría servizo ao que se concursa baixo dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea / Espazo Económico Europeo / Suíza: **0,05 puntos/mes**



BAREMO XERAL

Formación continuada.

Cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación continua do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta.

Cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, INEM, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avalados en debida forma polo Servizo Galego de Saúde, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta.

Cursos de formación continuada realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das Administracións públicas, que tiveron a súa virtualidade, entre outros, en organismos, institucións, organizacións acreditativas, ou no Plan de Formación Continuada do Servizo Galego de Saúde, dirixidos á categoría á que se opta.

Por crédito: 0,30 puntos.

Por hora: 0,030 puntos.



BAREMO XERAL

Docencia

Por **impartir cursos dos tipos sinalados no apartado de formación continuada** con independencia da categoría ou categorías destinatarias dos ditos cursos

Por crédito: 0,60 puntos.

Por hora: 0,060 puntos.

Docencia universitaria impartida no ámbito das ciencias da saúde:

0,5 puntos/curso académico, ata un máximo de 3 puntos.

Titoría acreditada de especialistas en formación:

Titor/a: 0,50 puntos/ano ou a parte proporcional.

Colaborador/a docente: 0,20 puntos/ano ou parte proporcional.

Sesións de formación CHUVI: 0,10 puntos/hora

Coñecemento da lingua galega

Pola realización do **curso de iniciación de lingua galega: 1,8 puntos**

Pola realización do **curso de perfeccionamento de lingua galega: 3,60 puntos**



CRITERIOS DE DESEMPATE

- a) Outorgaráselle o destino solicitado á **persoa que acredite máis puntuación** no concepto de servizos prestados na mesma categoría **na propia institución sanitaria**.
- b) No caso **de persistir o empate**, outorgaráselle o posto solicitado ao/a interesado/a que acredite **máis puntuación por experiencia profesional no conxunto das institucións sanitarias do sistema sanitario público** dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/ Suíza na mesma categoría
- c) **De continuar persistindo o empate**, este resolverase atendendo á **data da toma de posesión da praza en propiedade** na categoría á que se opta.
- d) **De seguir existindo empate**, dirimiráse o desempate a favor da **persoa aspirante do xénero infrarrepresentado na categoría** do posto ao que opta
- e) Se, con todo, **persiste o empate**, outorgaráselle preferencia ao/á **aspirante de maior idade**.

BAREMO ESPECÍFICO POSTOS ENFERMERÍA PRÁCTICA AVANZADA

Coñecemento da lingua galega

Acreditación do **Celga 3** ou do nivel de **Iniciación: 2'50** puntos

Acreditación do **Celga 4** ou do nivel de **Perfeccionamento: 5'00** puntos



BAREMO ESPECÍFICO POSTOS ENFERMERÍA PRÁCTICA AVANZADA

Experiencia específica en funcións relacionadas coas do posto solicitado

Por cada **mes completo de servizos prestados con vínculo fixo** na categoría por conta e baixo dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público: **0'60 puntos/mes.**

Por cada **mes completo de servizos prestados con vínculo temporal** na categoría baixo dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público: **0'30 puntos/mes.**

Formación específica nas materias relacionadas coas do posto solicitado

Valorarase a formación especializada, a formación continuada acreditada e a universitaria de posgrao directamente relacionada coas funcións ou tarefas do posto solicitado, tanto a recibida como a impartida:

Por crédito: 0'30 puntos

Por hora: 0'03 puntos

Antigüidade nas institucións sanitarias públicas

Por cada **mes completo de servizos prestados con vinculo fixo** na categoría na que se concursa por conta e baixo dependencia de institucións sanitarias: **0,60 puntos/mes**

Por cada **mes completo de servizos prestados con vinculo temporal** na categoría na que se concursa baixo dependencia de institucións sanitarias: **0,30 puntos/mes**

